
VII CONGRESO GALEGO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE

LVI Curso de Saúde Ambiental

PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2020

Caldas de Reis (Pontevedra), 14-17 novembro 2016



Sede anfitrioa e organizativa

Concello de Caldas de Reis

Patrocinadores

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

galicia
o bo camiño

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

IBERDROLA

ViAQUA

SOGAMA
SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE

gasNatural fenosa

CLAVO FOOD FACTORY

edo
ESPINA&DELFIN

FORESA

HUMANA
Fundación Pueblo para Pueblo

Director

Prof. Dr. Francisco Peña

Presentación

"Pensar globalmente, actuar localmente"
"O medio ambiente como xerador de actividades capaces de producir emprego, saúde e benestar á poboación"

Cada día ten maior importancia o coñecemento do medio ambiente dunha comunidade, xa que é un condicionante do seu benestar social, sanitario e económico. A industrialización e a urbanización modificaron o medio ambiente e orixinaron problemas ambientais de primeira orde (o efecto invernadoiro e o cambio climático, a destrución da capa de ozono estratosférica, o transporte de contaminantes, a desertización etc.) que é preciso corrixir, así como evitar que as actividades futuras orixinen máis deterioracións no n oso contorno a través dunha política preventiva que permita un desenvolvemento sostido e equilibrado e teña como obxectivos a protección da saúde do home e a conservación de todos os recursos (aire, auga, solo, clima, especies de flora e fauna, alimentos, materias primas, hábitat, patrimonio natural e cultural) que condicionan e sustentan a vida. As interrelacións entre os diversos recursos e a súa xestión fan cada vez máis necesaria a posta en marcha de estratexias globais, entre as que ocupa un papel fundamental o principio de prevención, xa que máis vale previr que curar.

A forte conexión entre medio ambiente e saúde recoñeceuse expresamente na 3.ª Conferencia Ministerial do Medio Ambiente e a Saúde (Londres, 1999). O Cume da Terra de Río de Xaneiro (1992), a Conferencia de NNUU sobre Medio Ambiente e Desenvolvemento de Johannesburgo (2002) e Río+20 (2012), acuñaron a idea de desenvolvemento sostible, que expresa a imposibilidade dun desenvolvemento sen contar co medio ambiente (a protección do medio ambiente e o desenvolvemento económico e social son tres piares inseparables do desenvolvemento sostible). O VII Programa Comunitario de Acción en materia de Medio Ambiente 2014-2020 (7º PMA), resume os obxectivos prioritarios da política de medio ambiente da UE hasta 2020 e introduce una visión a largo plazo para 2050 con el fin de abordar los problemas principales de carácter ambiental. Se basa na creencia de que a prosperidade económica e o bienestar dos cidadáns europeos dependen do estado de saúde do seu capital natural. No título: "Vivir ben, respetando os límites do noso planeta", o VII PMA recolle desafío de longo prazo antes de nós, así como o noso obxectivo. En términos económicos, vivir ben significa ter un traballo digno que nos proporcione ingresos suficientes, pero tamén ter acceso a bens e servizos. Desde o punto de vista físico, vivir ben, significa disfrutar dunha vida sana, sin enfermedades, tensións ni ruido, e ter acceso a aire e auga limpos. A empresa ten unha especial responsabilidade diante do medio ambiente ao ser consumidora de recursos, ademais de fonte de emisións e residuos; pero tamén é orixe de coñecementos científicos e tecnolóxicos, así como de positivos impactos socioeconómicos; o cal levou a moitas empresas a integrar a política ambiental nas estratexias corporativas adoptando criterios de protección do contorno na planificación de actividades e toma de decisións, o que implica tamén ás asociacións empresariais, xa que a protección do medio ambiente na empresa constitúe unha responsabilidade corporativa.

A Oficina Rexional para Europa da OMS, baseándose nas iniciativas de Cidades Saudables, e tendo en conta as experiencias dos plans de sanidade ambiental locais e os programas da Axenda 21 existentes nalgúns países europeos, decidiu apoiar as entidades locais e rexionais para acadar os obxectivos do desenvolvemento sostible, para o cal é necesario impulsar a posta en marcha de medidas de planificación e control do medio ambiente relacionadas cos aspectos sanitarios, xa que para resolver os problemas do medio ambiente, a saúde e o desenvolvemento sostible, é preciso chegar a un acordo e emprender accións non só a nivel nacional e internacional senón tamén a nivel subnacional e local. Na liña das políticas da OMS de propoñer ambientes saudables, e coa esperanza de concienciar os concellos galegos de asumiren esta filosofía na xestión dos aspectos ambientais da saúde e así poder contribuír ao desenvolvemento sostible de Galicia e mellorar as condicións de vida da cidadanía, púxose en marcha en Galicia no ano 2000, o **PROGRAMA GALEGO MUNICIPIOS SAUDABLES E SOSTIBLES 2000-2020**, que contou cos parabéns do Dr. Agis Tsouros, coordinador no seu momento do proxecto "Healthy Cities" da Oficina Rexional para Europa da OMS, e desde o ano 2008 vén contando co valioso apoio e a participación activa da Dra. María Neira, director Department of Public Health and Environmental and Social Determinants da OMS. Esta iniciativa itinerante pioneira na Unión Europea, ten como obxectivos prioritarios a formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, ademais de foro de debate de todos os axentes sociais implicados na tarefa de protexer e conservar o medio ambiente e promover contornos saudables. A posta en marcha en Galicia deste Programa, no seu periplo itinerante por toda a xeografía galega o longo destes 17 anos, contou coa participación de 260 concellos (254 galegos, 2 leoneses, 1 asturiano e 3 portugueses), 5 entidades locais e rexionais portuguesas e **5.739** asistentes nas 55 edicións de Cursos de Saúde Ambiental realizados, o Simposio Internacional "Medio Ambiente y Salud: nuevos retos de futuro" en colaboración coa Fundación Ramón Areces (Santiago de Compostela, 2015), e o Cumio de Expertos en Medio Ambiente & Saúde (Ponteareas, 2016).

Precisamente, co fin de abordar e debater algúns dos problemas ambientais prioritarios e máis importantes que ten a civilización actual, co especial referencia a Galicia e á Comarca de Caldas, organízase o **VII CONGRESO DE MEDIO AMBIENTE & SAÚDE - LVI CURSO DE SAÚDE AMBIENTAL** que, deseñado de acordo cos principios da Carta Europea sobre Medio Ambiente e Saúde e a Carta de Aalborg cara á sostibilidade, e dirixido a todos aqueles que traballan ou están interesados no medio ambiente e na saúde, pretende converterse en foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia, ademais de referencia ambiental durante esa semana e punto de encontro de ambientalistas e sanitarios, co obxectivo de contribuír a sentar as bases do desenvolvemento sostible de Galicia cara á saúde ambiental futura do planeta. Finalmente, cómpre destacar a necesidade de unir esforzos por parte de responsables políticos, empresarios, científicos, educadores, profesionais, ecoloxistas, comunicadores, así como a participación activa dos cidadáns e cidadás en prol de conseguirmos un medio ambiente máis saudable e sostible para todas e todos os galegos/as, o mellor legado para xeracións vindeiras.

Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira
Fundador Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles 2000-2020
Director Cursos de Saúde Ambiental
www.medioambienteysalud.com

Programa

LUNS, 14 DE NOVEMBRO

16.00 h | Benvida aos congresistas: acreditación e entrega de documentos.



Río Umia o seu paso por Caldas de Reis



Casco histórico-monumental de Caldas de Reis

16.30 h | Acto inaugural do congreso/curso e entrega do medallón de prata e esmalte conmemorativo do Programa Galego Municipios Saudables e Sostibles a persoas relevantes do ámbito científico-técnico, empresarial e político.

17.00 h | Presentación da Encíclica: Laudato si´ do Papa Francisco: "O coidado da nosa casa común"
Monseñor D. Francisco Javier Froján Madero
Biólogo. Relacións cos Estados. Secretaría de Estado. Vaticano (Roma).

17.30 h | I Sesión plenaria: **"Cidades máis saudables e sostibles cara á saúde ambiental de Galicia"**

Presidente: Prof. Dr. D. Francisco José Peña Castiñeira

Relatores:

"Programas de actuación en saúde ambiental da Consellería de Sanidade en Galicia"
D. Ángel Gómez Amorín
Subdirector xeral de Programas de Control de Riscos Ambientais para a Saúde da Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia. Vicepresidente da SESA.

"O papel das empresas de servizos enerxéticos ante o reto ambiental de construir cidades máis ecolóxicas"
D. José Antonio Sánchez Loureda
Delegado de Vendas e Operacións de Gas Natural Fenosa en Galicia e Asturias. Enxeñeiro Técnico Industrial – Especialidade Electricidade, Intensificación Automática e Electrónica pola UDC.

"Mobilidade sostible: vehículo eléctrico + enerxías renovables"
Prof. Dr. D. Francisco Silva Castaño
Delegado de Iberdrola en Galicia. Doutor Enxeñeiro de Minas pola UPM. Máster of Science (Massachusetts Institute of Technology, MIT). Profesor de Enxeñaría Ambiental na UDC durante 14 anos.

"Medio ambiente e desenvolvemento de produtos sostibles, ¿cuestión de química?"
Dª Begoña Gómez Comba
Directora da Planta de Foresa - Caldas de Reis. Licenciada en Ciencias do Mar. Técnico Superior en Química Ambiental. Técnico Superior en Prevención de Riscos Laborais. Conselleira de Seguridade.

MARTES, 15 DE NOVEMBRO

16.30 h | II Sesión plenaria: **"A calidade das augas e a súa xestión en Galicia"**

Presidente: Prof.ª Dra. D.ª María Julia Melgar Riol
Catedrática de Toxicoloxía da Facultade de Veterinaria da USC (Campus de Lugo). Académica correspondente da Academia de Farmacia de Galicia.

Relatores:

"Planificación hidrolóxica en Galicia: estado actual dos plans de saneamento integral de Galicia, co especial referencia aos concellos da comarca de Caldas"
Prof. D. Francisco Alonso Fernández
Xefe do Servizo Territorial de Zona Galicia Sur de Augas de Galicia da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia. Profesor da UV.

"A xestión integral sostible da auga no medio urbano: situación actual en Galicia e propostas de mellora"
D. José Antonio del Rey Martín
Xerente de Operacións de Viaqua.

"Saneamento integral e depuración de augas residuais en Caldas de Reis: eficacia e mantemento da EDAR"
Dra. D.ª Priscila Artiga Acuña
Doutora en Enxeñaría Química pola USC. Técnica en Depuración de Augas Residuais de Espina & Delfín, S.L.

"O papel de Intecmar no control da calidade das augas para a cría de moluscos"
Dra. D.ª Covadonga Salgado Blanco
Directora do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia da Consellería do Mar da Xunta de Galicia.

"O impulso do termalismo no camiño portugués como factor de desenvolvemento socioeconómico de Caldas de Reis"
D. Juan Manuel Rey Rey
Alcalde do Ilmo. Concello de Caldas de Reis.

19.30 h | Comunicación: "ASOPROVIDA por unha conciencia planetaria"
D. José Luis González Paz
Responsable do Departamento de Medio Ambiente do Concello de Caldas de Reis.

MIÉRCOLES, 16 DE NOVEMBRO

09.00-14.00 h | VISITAS PRÁCTICAS GUIADAS (limitadas a 50 persoas):
- Foresa.
- Clavo Food Factory, S.A.
- Clesa.
- ETAP e EDAR municipais de Caldas de Reis, xestionada por Espina & Delfín, S.L.
- Centro de Compostaxe comunitario-Plan provincial de residuos domésticos da Deputación de Pontevedra.



EDAR municipal de Caldas de Reis



Centro de Compostaxe comunitario en Caldas de Reis

16.30 h | III Sesión plenaria: **"A xestión dos residuos en Galicia: situación actual e perspectivas de futuro"**

Presidente: Prof. Dr. D. Felipe Macías Vázquez
Catedrático da Universidade de Santiago de Compostela.

Relatores:

"Plan de residuos da Xunta de Galicia"
D.ª Verónica Tellado Barcia
Subdirectora xeral de Residuos e Solos Contaminados da Secretaría Xeral da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

"Sogama, abrindo novos horizontes cara a economía circular"
D. Javier Domínguez Lino
Presidente de Sogama. Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.

"Plan REVITALIZA: xestión de proximidade para a reciclaxe do lixo orgánico nos concellos da provincia de Pontevedra"
D.ª María Martínez Abraldes
Técnico de Medio Ambiente do Servizo de Cooperación da Deputación de Pontevedra.

"A recollida selectiva e reciclaxe de residuos domésticos en Galicia, co especial referencia á comarca de Caldas de Reis"
D. Marcial Alonso Crespo
Enxeñeiro de Minas. Responsable de Operacións e Comercial no Área de Residuos de Soil Recovery.

"A reutilización e reciclaxe do residuo textil"
D. Rafael Mas
Responsable de Comunicación e Proxectos de HUMANA – Fundación Pueblo para Pueblo.

"Xestión biolóxica sostible dos residuos a través dunha planta técnica de vermicompostaxe"
D. Sergio Horacio Quiroga Rivero
Enxeñeiro Agrónomo pola Universidad de Morón-Argentina. Director de I + D e Produción de Ecocelta.



Ponte romano sobre o río Bermaña



Parque-xardín e Carballeira de Caldas de Reis

XOVES, 17 DE NOVEMBRO

16.00 h | Visita guiada ao Parque-xardín e Carballeira de Caldas de Reis, paraxe pintoresco e xardín histórico; a cargo do Prof. Dr. D. Carlos Rodríguez Dacal, doutor en Bioloxía, catedrático de Ciencias Naturais, botánico especialista en xardinería e flora ornamental.

16.30 h | IV Sesión plenaria: **"Posta en valor do patrimonio natural de Galicia: xestión sostible dos recursos naturais como factor de desenvolvemento socioeconómico"**

Presidente: D. Estanislao Fernández de la Cigoña Núñez
Naturalista e investigador. Presidente da Asociación Galega para a Cultura e a Ecoloxía. Medalla de prata de Galicia concedida pola Xunta de Galicia.

Relatores:

"Galicia verde: xardíns e árbores memorables"
Prof. Dr. D. Carlos Rodríguez Dacal
Doutor en Bioloxía, catedrático de Ciencias Naturais, botánico especialista en xardinería e flora ornamental.

"Urbanismo sostible"
Prof. Dr. D. Francisco Javier Sanz Larruga
Experto en Dereito Ambiental. Catedrático de Dereito Administrativo e director do Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña. Profesor visitante na University of Berkeley. Autor de numerosas publicacións científicas. Ten no seu haber premios de investigación, libros publicados e numerosas publicacións científicas.

"Emprego e medio ambiente"
D. Juan José Lirón Lago
Subdirector xeral de Emprego da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia.

"Novo enfoque da xestión ambiental como xeradora de rendibilidade empresarial"
D. José Enrique Rodríguez Coello
Xefe do Servizo Comercial de Aenor en Galicia.

"O turismo sostible en Galicia: posta en valor do contorno natural como medio de recreo e rendibilidade económica"
D.ª Carmen Pita Urgoiti
Directora de Promoción de Turismo de Galicia.

20.00 h | Acto de clausura do congreso/curso e entrega de diplomas acreditativos.

Información xeral

OBXECTIVOS

Integración da dimensión dos aspectos ambientais da saúde na formación e reciclaxe de técnicos en medio ambiente e saúde, coa finalidade de actualizar a súa formación e adecuar as esixencias que demanda a sociedade actual, para que contribúa a mellorar a xestión e as condicións de vida urbana da cidadanía.

Establecer un foro de debate e estudo da situación ambiental de Galicia, dos seus problemas e carencias que se consideran máis importantes, así como das posibles solucións que se deberán adoptar; ademais de permitir a cooperación e o diálogo entre todos os axentes sociais implicados no tema.

DESTINATARIOS/AS

Técnicos/as, funcionarios/as e responsables políticos da Administración local, provincial e autonómica que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.

Profesorado da universidade, de ensino secundario e formación profesional que desenvolva a súa actividade ou estea relacionado/interesado nas áreas obxecto de estudo.

Técnicos/as e xestores de empresas que desenvolvan a súa actividade nos departamentos de calidade, medio ambiente e prevención de riscos laborais.

Profesionais libres, titulados superiores e diplomados, técnicos superiores e de grao medio que desenvolvan a súa actividade ou estean relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo.

Axentes da conservación da natureza e medio ambiente, dos recursos hidráulicos, da riqueza cinexética, piscícola e forestal (axentes do Seprona-Garda Civil, axentes de policía autonómica, axentes de policía local, axentes forestais, axentes de gardacostas, voluntarios de protección civil, etc.).

Representantes de asociacións ecoloxistas, asociacións de montes, asociacións de consumidores, asociacións veciñais etc.

Estudantes universitarios e dos ciclos formativos de formación profesional relacionados/interesados nas áreas obxecto de estudo (saúde ambiental, química ambiental, xestión e organización dos recursos naturais e paisaxísticos, traballos forestais e de conservación do medio natural, explotacións agrarias extensivas etc.).

METODOLOXÍA

Catro sesións plenarias e visitas prácticas configuran a estrutura do congreso/curso, nas que os relatores farán unha exposición sintética de carácter técnico acompañada de casos prácticos e co apoio de medios audiovisuais (PowerPoint), cun debate ao remate de cada sesión, no que tamén intervirán activamente os participantes amosando as súas experiencias.

NÚMERO DE PRAZAS E DEREITOS DE INSCRICIÓN

Número de prazas: limitadas a 100, que se cubrirán por rigorosa orde de inscrición.

Cota de inscrición: gratuita.

Forma de inscrición: cubrir o boletín de inscrición, que deberá achegar e presentarase/enviarase por correo electrónico á Secretaría Técnica (jorgegluque@gmail.com). O prazo para formalizar a inscrición abrirase o luns día 3 de outubro, fixándose a data límite de formalizala o xoves día 10 de novembro as 14.00 horas.

DOCUMENTACIÓN

Entregarase unha carpeta e material didáctico diverso.

DIPLOMA ACREDITATIVO

O alumnado que participe con regularidade nas sesións programadas do congreso/curso, que consta de 20 horas lectivas, recibirá un diploma acreditativo de asistencia.

LUGAR DE CELEBRACIÓN, DATAS E HORARIO

Lugar de celebración: Auditorio municipal do Concello de Caldas de Reis (Caldas de Reis - Pontevedra).

Datas: do 14 ao 17 de novembro de 2016.

Horario: o mércores de 09.00 a 14.00 horas terán lugar as visitas prácticas (limitadas a 50 prazas) e de 16.30 a 20.30 horas (luns, martes, mércores e xoves).

Organismos, entidades e empresas colaboradoras

SECRETARÍA TÉCNICA

COORDINADOR:
D. José Luis González Paz (Responsable do Departamento de Medio Ambiente do Concello de Caldas de Reis)

SECRETARIO:
D. Jorge García Luque (asesor ambiental)

INFORMACIÓN E INSCRICIÓNS

CONCELLO DE CALDAS DE REIS



Fachada do Concello de Caldas de Reis

R/ Ferrería, 1
36650 Caldas de Reis (Pontevedra)
Móvil: 680 516 185
E-mail: jorgegluque@gmail.com
http://www.caldasdereis.com
http://www.medioambienteysalud.com

IMPRESO EN PAPEL RECICLADO